

A miniatura no Museo Provincial de Lugo

María Quiroga Figueroa

Resumo: Os quince retratos en miniatura, que na actualidade se gardan nos almacéns do Museo Provincial de Lugo, constitúen unha excelente mostra para estudar a evolución desta técnica artística en Europa.

Resumen: *Los quince retratos en miniatura, que en la actualidad se guardan en los almacenes del Museo Provincial de Lugo, constituyen una excelente muestra para estudiar la evolución de esta técnica artística en Europa.*

Entre todas as coleccións que integran os fondos do Museo Provincial de Lugo hai algunhas, descoñecidas para o público en xeral, que quedan á sombra doutras de maior entidade e máis difundidas. Este é o caso das quince miniaturas realizadas entre os séculos XVII e XIX, que pola súa gran beleza e interese merecen que lles dediquemos unhas liñas.

As miniaturas do Museo Provincial de Lugo son retratos pintados a pequena escala, que xeralmente representaban a persoa amada. Os primeiros datan do século XV, cando se produce o desenvolvemento do retrato como obra de arte autónoma, por primeira vez nas cortes de Francia e Inglaterra.

Etimoloxicamente a palabra “miniatura” deriva do latín “minium”, que é un pigmento de cor avermellada que se usaba comunmente nos manuscritos. Non obstante, co paso do tempo o seu significado ampliouse e pasou a ser asociado co pequeno ou mínimo.

Os primeiros retratos pintados en miniatura estaban realizados con pigmentos cocidos ao forno sobre plaquiñas de cobre. Posteriormente, desenvolveranse novas técnicas e usaranse novos soportes, alcanzando nos séculos XVIII e XIX a súa época de esplendor. A partir deste momento comeza a súa época de decadencia ata que desaparecen coa popularización da fotografía; os pintores de miniaturas serán expulsados da Academia de Francia, serán considerados como “artesáns” e denominaranse despectivamente “pintores de bomboneiras”. Non será ata ben entrado o século XX cando se produza de novo a súa posta en valor con aparición de estudos serios sobre o tema.

En España, a historia da miniatura corre paralela á do resto de Europa, a pesar de que algúns dos considerados grandes pintores do momento, como Vicente López, Esquivel e o mesmísimo Goya foron autores dalgunhas das pezas máis fermosas.

Non obstante, debemos considerar o retrato en miniatura unha arte eminentemente anónima.

A miniatura española desenvolveuse un pouco máis tarde que a francesa e destacábase por unhas determinadas características como a sobriedade, a serenidade e as actitudes repousadas dos retratados, o realismo e a ausencia de elementos secundarios.

Para facer un estudo das miniaturas do Museo Provincial de Lugo, optamos por unha análise cronolóxica das distintas pezas, das que soamente coñecemos a identidade de tres dos representados.



A primeira é o **retrato do rei Filipe IV (P. MIN. 15 / núm. de rexistro 2768)**, do século XVII, pintado en óleo sobre unha plaquiña de cobre de forma ovalada que mide 7,5 x 6 centímetros. Trátase dun retrato de busto de tres cuartos á dereita e coa cabeza xirada cara á fronte. O rei está ataviado cunha armadura baixo a que sobresaie o colo branco ríxido e cruzando sobre o seu peito una banda de tea granate. O que destaca nesta peza, ademais da minuciosidade con que está executado, é o marco de bronce decorado con figuriñas de amorcillos e sereas recortados e colocados simetricamente, cunha gran argola na parte superior por onde se colgaba.



Da mesma época é o **retrato de sor María Jesús de Ágreda (P. min. 14/ núm. de rexistro 2772)**, monxa franciscana española (1602-1665), famosa por manter unha longa e nutrida correspondencia con Filipe IV, de quen foi conselleira en asuntos de Estado, e por realizar varios escritos de tipo ascético e místico, entre os que destaca a obra “Mística Ciudad de Dios”, que curiosamente aparece na obra. Sor María está representada de medio corpo, en posición de tres cuartos á esquerda, vestindo hábito con túnica e touca brancas, capa gris e veo negro, completando a súa indumentaria, unha medalla dourada que colga do seu colo. Coa man dereita suxeita unha pluma e coa esquerda un libro aberto en onde aparece escrito: “MÍSTICA CIUDAD DE DIOS”. Sobre o fondo escuro, á esquerda, unha visión apocalíptica da Virxe María flotando sobre un leito de nubes coa media lúa aos seus pés. A peza é un óleo sobre cobre que mide 7,6 por 6,1 centímetros e o marco non é o orixinal.

Estas dúas pezas foron adquiridas polo Museo o día 19 de febreiro de 1958.

Máis novas que estas son tres miniaturas, dúas pintadas sobre pergamiño e unha sobre cristal, do primeiro cuarto do século XIX.

A primeira é un **retrato de muller nova (P. min. 1 / N.º de rexistro 2900)** representada de tres cuartos á dereita, vestida á moda francesa, con traxe de cor branca, corte imperio e cofia do mesmo ton, que aparece recortada sobre un fondo escuro que se vai aclarando arredor da figura. Está realizado con técnica puntillista e as teas e transparencias conseguíronse a base da superposición de capas de cor. A súa medida é 6 centímetros de diámetro. O medallón é de forma redonda e o marco que o sustenta é un anel fino de bronce. A obra foi adquirida o día 24 de setembro de 1958.



A seguinte peza é un **retrato de dama da Escola Española (P. min. 6)** da mesma época e realizado, do mesmo modo, con pigmentos sobre pergameo. Mide 11,2 x 8,5 centímetros e representa unha muller en tres cuartos á dereita, cos ollos dirixidos á fronte. Viste á moda española, con traxe rosa con amplo escote e cóbrese cunha mantilla de encaixe negro que tapa os seus ombros e cuxos extremos suxeita coa man esquerda sobre o peito. A figura aparece recortada sobre un fondo gris neutro, sen ningunha referencia espacial. A imaxe está protexida por un cristal e cínquese a un fino marco ovalado de metal amarelo labrado.



A terceira miniatura que imos describir é quizais a máis interesante da colección por ser a única que coñecemos a súa autoría e, ademais, coñecemos o retratado. Trátase do **“Retrato do rei Fernando VII” (P. min. 4. / N.º de rexistro 2789)**. O seu autor é Pedro González Martínez (Valladolid, 1789-1849), que foi director da Academia da Purísima Concepción de Valladolid e destacado miniaturista e restaurador de obras de arte antigas. Ademais, a peza aparece datada o 1 de xaneiro de 1817. Está realizada con pigmentos aplicados directamente sobre un cristal que está forrado na súa parte traseira. O rei Fernando VII de España está representado de tres cuartos á esquerda coa cabeza xirada cara ao espectador. Ten cabelo negro con floco peiteado cara a diante e grandes patillas, con bigote e barba sombreados. Viste uniforme castrense de gala de cor azul mariña con pecheira vermella e pasamane-ría dourada, e ostenta varias honras e condecoracións, como a banda de tafetá de cor azul e branca da Orde de Carlos III, cruzada sobre o peito, e o Toisón de ouro; ademais das placas da Orde de Isabel A Católica e a de Carlos III. O retrato está dentro dunha circunferencia inscrita



nun cadrado que mide 12,8 por 12,8 centímetros. O marco orixinal foi substituído polo que ten na actualidade. A obra foi adquirida polo museo o día 5 de abril de 1958.

Os tres retratos que acabamos de analizar presentan unhas características comúns, como é o emprego dunha pintura moi augada na súa execución, que no caso das dúas miniaturas de pergameo tiña que ser aplicada con gran destreza porque é unha superficie que se secaba moi rápido e non admitía retoques; os fondos, neutros e o emprego de finísimos pinceis para as carnacións e detalles.

As dez pezas restantes están pintadas sobre marfil, un material novo empregado a partir do século XVIII, que trouxo consigo un cambio nas técnicas da pintura de miniatura. Ao tratarse dunha substancia moi graxenta, escorregadiza e impermeable era moi difícil de traballar, pero, como contrapartida, ofrecía unhas calidades estéticas únicas, como a súa luminosidade e aspecto translúcido.

Para poder traballar sobre o marfil requiríase unha lenta preparación que comezaba coa obtención de finísimas laminiñas, máis delgadas aínda que o mesmo pergameo; logo branqueábase con calor, despois pulíanse con raspadores e con pedra pómez pulverizada, conferíasilles certa rugosidade para que a pintura se adherise mellor.

O modelo para pintar, que estaba realizado noutro soporte, era calcado cun papel transparente, engraxado por unha parte, cunha mestura de cera virxe e trementina. Untábase con pos de lapis polo reverso, coa axuda dun pauíño de punta fina o debuxo era transferido á prancha de marfil e despois o perfil repasado cunha punta prata. Por último, aplicábaselle á policromía.

As cores empregadas neste tipo de retratos eran pigmentos finísimamente pulverizados e aglutinados con diferentes substancias e disoltos en auga para facelos transparentes. Usábase o “carmín” ou o “minio” para as tonalidades vermellas; o “po de lapislázuli” para os azuis; para os verdes o “cardenillo” ou “óxido de cobre”; para os amarelos, o “azafrán” e o “fel de lebre” e para os brancos, a “casca de ovo” entre outras cousas.

Pero onde o marfil proporcionaba uns excelentes resultados era nas carnacións, onde o material se deixaba sen enmascarar, empregándose pinceis de finísimas puntas e pigmentos moi disoltos para realizar os detalles. Ademais, a superficie escorregadiza do marfil obrigaba a traballar en superficies mínimas, para o que se empregaron dúas técnicas diferentes; unha chamada “punteado”, que consistía en encher o debuxo a través da impresión de diminutos puntos, reservando algunhas zonas en branco, e outra era realizada con entrecruzamento de finísimas liñas máis ou menos espesas segundo o efecto buscado.

Para pintar os cabelos tamén se facía de dúas maneiras; se empregaban dúas técnicas, coa primeira delas traballaba o cabelo en masa superpoñendo finísimas liñas en negro ou branco, e coa outra pintaba pelo a pelo, un traballo realmente minucioso, se temos en conta que algúns dos retratos medían entre 4 e 8 cm.

As roupas e os fondos pintábanse con pinceis un pouco máis grosos. Xeralmente os retratados, sobre todo as damas, aparecen adornadas con xoias realizadas con pos de ouro e prata aglutinados. Para simular as perlas e os corais empregábanse pingueiras de pigmentos máis espesos e para as pedras preciosas talladas empregábanse pequenos parches de pigmentos transparentes que se moldeaban cun punzón quente.

O traballo dos miniaturistas era completado co dos ourives que facían marcos e diferentes engarzamentos para as pezas, que contribuían a enxalzar os retratos, pero que, en múltiples casos, eran substituídos por outros moito máis simples que os orixinais.

As miniaturas sobre plaquiñas de marfil do Museo Provincial de Lugo están datadas a finais do século XVIII e principios do século XIX; seis delas son de mulleres e as catro restantes son de varóns, son todos anónimos, como anónimos son tamén os miniaturistas.

De todos eles o máis antigo é un **retrato (P. Min. 13 / N.º de rexistro 2778)**, que mide 6,5 x 5 centímetros. Representa unha dama de medio corpo con cabelo gris recollido nun moño alto que loce traxe en tons amarelos con amplo escote e gran lazo sobre o peito, segundo a moda rococó. Destaca a figura recortada sobre un fondo escuro e neutro. As súas medidas son 6,5 por 5 centímetros. A peza foi adquirida o 22 de febreiro de 1958.

O resto dos retratos femininos están ataviados coa moda francesa de principios do século XIX, moda estilo “Imperio”, caracterizada polos amplos escotes e o talle alto, situado baixo o peito.

O retrato de dama (**P. min. 8 / N.º de rexistro 2771**) está tamén datado a finais do século XVIII e principios do século XIX e pintado con pigmentos sobre placa de marfil, que mide 4,9 x 3,5 centímetros. Representa unha muller nova de medio corpo e de perfil, coa cabeza lixeiramente xirada á fronte, con cabelo negro recollido nun moño e floco que cae en pequenos guechos sobre a cara. Viste traxe azul de corte imperio con manga branca e bordo de encaixe. Neste caso, o autor, aproveita a tonalidade da placa de marfil para traballar as carnacións e realiza maxistralmente as diferentes texturas a base da superposición de finas capas de cor. Encádrase nun orixinal marco de arame dourado.

O **retrato de dama (P. min. 5 / N.º de rexistro 2777)** representa unha muller nova, de medio corpo, con cabelo rizado escuro, suxeito cunha fina fita. O vestido branco, de corte imperio, cínquese baixo o peito e sobre o ombro dereito colga un mantón azul con greca negra que cruza por diante enroscado polas costas ata que volve a caer sobre a saia. Ten unhas medidas de 8,6 x 7,3 centímetros e foi adquirida polo Museo o día 22 de febreiro de 1958.





O seguinte **retrato feminino (P. min. 3)** mide 6 centímetros de diámetro, e ten un fino marco de metal amarelo. Representa unha muller nova de medio corpo con cabelo peiteado en finos rizos sobre a fronte e cuberta cun toucado de perlas e unha gran pluma branca; está vestida cun traxe branco de corte imperio e completan o seu ornato un colar de coral de dúas voltas e uns pendentés. A figura recórtase sobre un fondo escuro. Ten forma redonda. O marco orixinal foi substituído polo que ten na actualidade.



Outra placa de marfil é un retrato dunha dama (**P. min. 9 / N.º de rexistro 2775**) que ten a peculiaridade de estar asinado coas iniciais "J.G.L.". Trátase dunha muller nova en tres cuartos á esquerda, con cabelo longo e rizado que lle cae sobre os ombros, ataviada cun vestido de corte imperio con amplo escote e estampado con raias negras e azuis. A técnica coa que está realizada é idéntica ás anteriores, a base de superposición de diluídas capas de cor moi transparentes, aplicadas con finísimos pinceis. Destaca a figura sobre un fondo neutro en gris claro; mide 5,2 por 4,2 centímetros e o marco que a sustenta non é o orixinal. Esta peza foi adquirida polo museo en 1958.



O último **retrato feminino (P. min. 7 / N.º de rexistro 2776)** ten unhas dimensións de 6,4 x 5 centímetros. Representábase unha muller nova de tres cuartos á esquerda, co cabelo marrón claro rizado que lle cae polo ombro. Viste traxe de cor rosa con gran lazo sobre o peito e adorno de plumas negras, baixo o cal sobresa unha camisa branca. A figura recórtase sobre un fondo gris. Está realizado con pincelada minuciosa e preciosista. O marco dourado que a encadra non era o orixinal. Esta peza foi adquirida o 22 de febreiro de 1958.

Da mesma época son tamén estes catro retratos de cabaleiro, realizados todos eles con *gouache* sobre placa de marfil e datados entre os últimos anos do século XVIII e os primeiros do século XIX.



O primeiro deles é un **retrato de cabaleiro con barba (P. min. 10)**, representado de medio corpo, que viste unha chaqueta con amplas lapelas de raias azuis e brancas, por debaixo da que sobresa unha camisa rosada con pequeno colo de tira. A figura recórtase sobre un fondo de cor negra. Ten unhas medidas de 4,5 x 3,5 centímetros. Neste caso o marco que a rodea tampouco parece ser o orixinal. Esta peza foi adquirida o día 24 de setembro de 1958.

A seguinte **miniatura de cabaleiro (P. min. 16 / N.º de rexistro 2868)** é un retrato de busto de cabaleiro, de tres cuartos á dereita, con cabelos grises rizados e ampla fronte despexada. Está vestido con chaqueta marrón de amplas lapelas, chaleco aberto, de raias verdes e camisa de colo alto de cor branca, que destaca polo preciosismo e a técnica puntillista con que está realizado. A súa forma é redonda e mide 5,2 centímetros. Ten un fino marco de metal dourado finamente decorado. A peza foi adquirida o 9 de xuño de 1958.



Outra miniatura (**P. min 11 / N.º de rexistro 1421**) representa un cabaleiro de tres cuartos á esquerda que viste chaqueta azul con amplas lapelas e botoeira dourada, camisa branca e gravata negra, que introduce a man dereita baixo a chaqueta á altura do corazón. Ten unhas medidas de 5 por 4,8 centímetros e o seu marco non é o orixinal.



A última peza da colección é un retrato de busto de cabaleiro novo, representado de fronte, coa cabeza virada lixeiramente á esquerda; ten cabelo escuro cuxo floco, peiteado sobre a fronte, cae en forma de guchos e grandes patillas que baixan ao queixo segundo a moda francesa da época. Está vestido con uniforme de cor verde escuro con charreteras e pas douradas, con camisa branca de encaixes e lazada no colo. A técnica empregada é sumamente minuciosa e puntillista. Os detalles conseguíronse a base da superposición de capas de cor para crear as diferentes texturas e materiais. Mide 5,6 por 5 centímetros. O marco non é o orixinal, foi substituído polo que ten actualmente.



Con este artigo esperamos que, dalgunha maneira, o público en xeral poida desfrutar dunhas pezas ás que na actualidade non ten acceso cando visita as salas permanentes do Museo Provincial de Lugo.

Bibliografía

ESPINOSA MARTÍN, M.ª do C.: “Colección de miniaturas de los siglos XVIII y XIX en el M.A.N.”. *Boletín del Museo Arqueológico Nacional*.

“Iluminaciones, pequeños retratos y miniaturas”. *Catálogo de la Fundación Lazaro Galdiano II*. Madrid, 1999. ISBN 84-923234-3-4.